

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 07/07/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA ACCIDENTAL

MARÍA BERMUDEZ OUTÓN

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 07/07/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 30-jun-2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/2602

Vista a proposta da Concellería de Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por FEUGA (Fundación Empresa Universidad Gallega), para o subministtro de 50 ud. de colectores de toma de mostra de saliva, por un importe total de 363,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2603

Vista a proposta da Concellería de Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por FEUGA (Fundación Empresa Universidad Gallega), para o subministtro de 47 ud. de analisis de drogas en saliva para control de drogas, por un importe total de 2.274.80 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2604

Vista a proposta da Concellería de Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por GALICOM COMUNICACIONES SL, para o suministro de set tactico phazzer force 25 cora amarelo e datos (TASER), por un importe total de 8.273,98€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2625

Dáse conta de Proposta das Concellerías de Servizos Sociais e Parques e Xardíns, para a contratación a BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L. para Actuación de limpeza, mantemento e conservación de espazos naturais de uso público na contorna do Concello de Vilagarcía de Arousa para o ano 2025.

Esta colaboración vense desenvolvendo dende fai anos, coa finalidade de favorecer a integración socio-laboral das persoas de espectro autista usuarias dos Centros de Bata. Bata é a única entidade de atención a persoas cos autismo en Vilagarcía de Arousa e que ademais conta cun centro especial de emprego para favorecer a integración laboral das persoas con autismo.

A contía da contratación para o ano 2025 ascende a 10.487,07€ (IVE INCLUIDO)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD SL para a actuación "limpeza, mantemento, conservación de espazos naturais de uso público e zonas verdes no entorno do Concello de Vilagarcía de Arousa durante o ano 2025", polo importe citado de 10.487,07€, con cargo ás partidas 231.22799 e 171.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2627

Dáse conta da proposta do Servizo de Vías Públicas:

Nos últimos días, debido ás elevadas temperaturas rexistradas, producíronse danos no pavimento de formigón do paseo marítimo á altura do parque da Compostela, provocando o levantamento do mesmo. Tendo en conta que se trata dunha zona de alta afluencia peonil, previsiblemente intensificada coa chegada da tempada turística, considérase urxente acometer a reparación para garantir a seguridade da cidadanía e evitar posibles accidentes

As actuacións previstas son as seguintes:

Subministro e instalación dun valado de protección ao longo de todo o perímetro da zona de obra.
Demolición do pavimento de formigón existente.

Subministro, vertido e estendido dun novo pavimento de formigón tipo H-250, con espesor de 12 cm. enriquecido con fibra e reforzado cunha prancha de aceiro con malla electrosoldada.

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda, aprobar o orzamento da empresa Garocaprim, S.L. por un importe total de 5.203,00€, con cargo á partida 1722-210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2661

Dáse conta da proposta da Area de Comunicación Social:

A Concelleira de Cultura chegou a un acordo cos autores D. Alberto Avendaño (xornalista e escritor) e D. José Luiz Oubinha (fotoxornalista) para asumir o custe de impresión do libro "Vidas do Salnés", a cambio dun 10% da tirada é dicir, 30 dos 300 exemplares previstos. Ademais a publicación, de 240 páxinas máis cubertas, incluírá un artigo de presentación do Alcalde e a identidade corporativa do Concello, como patrocinador da publicación.

Vista a Proposta do Técnico da área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de Carlos Crespo Gómez (Dito & Feito, Servizos de Comunicación), para a impresión (o deseño e maquetación asúmeno os propios autores) dos 300 exemplares, por un importe total de 2.178,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 926-2260201.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/2669

Dáse conta de solicitude de Alcoholicos Rehabilitados Arousa(AREVA) para ocupación de vía pública no Cruce Xeneral Pardiñas coa rúa Castelao o día 5 de xullo de 2025, en horario de 10:00 a 13:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2675

Dáse conta de solicitude de Dona María Jesús Ferreira Castaño para ocupación de vía pública na Praza das Moreiras, o día 04 de xullo de 2025 ás 21:00 horas, para a celebración concerto Noites de Son, coa colaboración do coro Coda.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/2676

Dáse conta do escrito presentado por D. Adrián Santorum Rey, solicitando autorización para organizar todos os xoves de verán concertos na Rúa Camilo José Cela, os días 03, 10, 17, 24, 31 de xullo, 07, 14, 21, 28 de agosto e 4 de setembro, en horario de 21 a 23 horas, coa denominación de "Os Xoves nas Pistas". Así mesmo solicita a cesión dun escenario por parte do Concello, dun tamaño mínimo de 3 x 4 m.

Visto o informe da Policía Local acordase conceder autorización para a celebración dos concertos, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo

que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Acórdase así mesmo á cesión do escenario.

PRP2025/2681

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O Concello de Vilagarcía de Arousa, atendendo ás peticións veciñais do Carril, requeriu aos servizos técnicos do Concello de Vilagarcía de Arousa, para informar do estado da balaustrada, dende o porto do Carril ata a zona da Rosa.

Revisado o seu estado, e dende fai uns anos, é preciso acometer os traballos de repintado que mellore o seu estado estético, sendo a entrada á cidade e ao porto que traslada a miles de visitantes ao ano a illa de Cortegada, pertencente ao Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar a Portos de Galicia e ao Servizo Provincial de Costas do Estado, para actuar de forma urxente na zona da súa competencia.

PRP2025/2711

Dáse conta de solicitude de Dona María Peregrina Mosquera Buceta para realización de acontecemento floral na Igrexa Parroquial de San Pedro de Cea o día 6 de xullo de 2025.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2025/2682

Dáse conta da notificación da resolución da concesión da subvención solicitada ao abeiro da orde do 27 de decembro de 2024, na que se establecían as bases reguladoras e a convocatoria para subvencionar a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2025.

A cantidade concedida a este Concello para o mantemento do Servizo de Orientación laboral para este ano 2025 é de 31.800,00€ para unha duración de 12 meses a xornada completa, contados a partir da data de inicio do 01/02/2025.

O desglose desa cantidade sería que para a contratación do persoal de orientación a subvención é de 31.000,00€ e os 800,00€ restantes son para gastos adicionais do Servizo, que tal e como dispoñía a orde será para gastos xerais, materiais e técnicos que se xeren na execución das accións e para a formación da persoa orientadora.

O pagamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedida, o cal se xustificará mediante a presentación da documentación esixida no artigo 14 de dita orde.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

SANIDADE

PRP2025/2622

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio na modalidade de adxudicación, de aluguer a concesión, da Unidade de Enterramento abaixo referenciada.

Unha vez transcorrido o prazo de 75 anos, dacordo co establecido no artigo número 6.1 da Ordenanza Fiscal número 5 reguladora da taxa do Cemiterio Municipal, deberá procederse, no seu caso, a renovación do aluguer.

Cemiterio de Vilagarcía de Arousa					
Número Nicho	Modalidade Adxudicación	Titular	Importe	Data inicio Concesión	Data fin Concesión
4477	Concesión	D. Abilio dos Anjos Dos Santos	€681.10	2025	2100

PRP2025/2633

Visto o cambio de titularidade solicitado por D. José Raúl Crespo Piñeiro co motivo do falecemento de D. José Piñeiro Patiño, titular das UE num VV461, V1856 e V1857 así como do falecemento de D^a. Ramona Rey romero, titular da UE num VF350, todas as Unidades de Enterramento sitas no Cemiterio de Vilagarcía de Arousa.

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titular das Unidades de Enterramento abaixo referenciadas.

Unha vez transcorrido o prazo de 75 anos dende a data de adxudicación inicial, dacordo co establecido no artigo número 6.1 da Ordenanza Fiscal número 5 reguladora da taxa do Cemiterio Municipal, deberá procederse, no seu caso, a renovación da concesión.

Cambio de titularidade Cemiterio de Vilagarcía de Arousa				
Número Nicho	Modalidade Adxudicación	Novo Titular	Data inicio Concesión	Data fin Concesión
V461	Concesión	D. Celestino Crespo Piñeiro 33% D. Juan Ramón Crespo Piñeiro 33% D. José Raúl Crespo Piñeiro 33%	1961	2060
V1856	Concesión		1979	2078
V1857	Concesión		1979	2078
VF350	Concesión		1945	2044

PRP2025/2641

Visto o cambio de titularidade solicitado por D. Eduardo Rubianes Laranga co motivo do falecemento de D^a. Josefa Rubianes Bóveda, titular da UE num V18 sita no Cemiterio de Vilagarcía de Arousa.

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titular da Unidade de Enterramento abaixo referenciada.

Unha vez transcorrido o prazo de 75 anos dende a data de adxudicación inicial, dacordo co establecido no artigo número 6.1 da Ordenanza Fiscal número 5 reguladora da taxa do Cemiterio Municipal, deberá procederse, no seu caso, a renovación da concesión.

Cambio de titularidade Cemiterio de Vilagarcía de Arousa				
Número Nicho	Modalidade Adxudicación	Novo Titular	Data inicio Concesión	Data fin Concesión
V18	Concesión	D. Eduardo Rubianes Laranga	1947	2046

PRP2025/2642

Visto o cambio de titularidade solicitado por D^a. Adela Carregal Díaz, en representación de D^a. María Begoña e D^a. Ana María Carregal Días, co motivo do falecemento de D. Argimiro Carregal Guimil, titular das UE num V2588, V2589, V2590 e V2591 sitas no Cemiterio de Vilagarcía de Arousa. Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titular das Unidade de Enterramento abaixo referenciadas.

Unha vez transcorrido o prazo de 75 anos dende a data de adxudicación inicial, dacordo co establecido no artigo número 6.1 da Ordenanza Fiscal número 5 reguladora da taxa do Cemiterio Municipal, deberá procederse, no seu caso, a renovación da concesión.

Cambio de titularidade Cemiterio de Vilagarcía de Arousa				
Número Nicho	Modalidade Adxudicación	Novo Titular	Data inicio Concesión	Data fin Concesión
V2588	Concesión	D ^a . Adela Carregal Díaz 33% D ^a . María Begoña Carregal Díaz 33% D ^a . Ana María Carregal Díaz 33%	1989	2088
V2589				
V2590				
V2591				

PRP2025/2644

Visto o cambio de titularidade solicitado por D. Ramón Barcala Oubiña, en representación de D^a. María Luisa, D^a. Lourdes; D. Óscar e D. Jose María Barcala Oubiña, co motivo do falecemento de D^a. María Luisa Oubiña Ameneiros, titular da UE num V1917 sita no Cemiterio de Vilagarcía de Arousa.

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titular da Unidade de Enterramento abaixo referenciadas.

Unha vez transcorrido o prazo de 75 anos dende a data de adxudicación inicial, dacordo co establecido no artigo número 6.1 da Ordenanza Fiscal número 5 reguladora da taxa do Cemiterio Municipal, deberá procederse, no seu caso, a renovación da concesión.

Cambio de titularidade Cemiterio de Vilagarcía de Arousa				
Número Nicho	Modalidade Adxudicación	Novo Titular	Data inicio Concesión	Data fin Concesión
V1917	Concesión	D. Ramón Barcala Oubiña – 20% D ^a . María Luisa Barcala Oubiña – 20% D ^a . Lourdes Barcala Oubiña – 20% D. José María Barcala Oubiña – 20%	1981	2080

PRP2025/2645

Visto o cambio de titularidade solicitado por D. Alberto Blanco Pereira, en representación de D^a. D. Jaime, D. Amable ,D^a. Valentina Blanco Pereira, D^o. Jose Manuel e D. fco. Javier Fresco Blanco, co motivo do falecemento de D. Robustiano Blanco Fernández e de D^a. Generosa Pereira Barreiro, esposa do anterior, titular da UE num C271 sita no Cemiterio de Carril.

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titular da Unidade de Enterramento abaixo referenciadas.

Unha vez transcorrido o prazo de 75 anos dende a data de adxudicación inicial, dacordo co establecido no artigo número 6.1 da Ordenanza Fiscal número 5 reguladora da taxa do Cemiterio Municipal, deberá procederse, no seu caso, a renovación da concesión.

Cambio de titularidade Cemiterio de Carril				
Número Nicho	Modalidade Adxudicación	Novo Titular	Data inicio Concesión	Data fin Concesión
C271	Concesión	D. Alberto Blanco Pereira 16.6% D. Jaime Blanco Pereira 16.6% D ^a . Valentina Blanco Pereira 16.6% D ^a . Amable Blanco Pereira 16.6% D. Jose Manuel Fresco Blanco 16.6% D. Fco. Javier Fresco Blanco 16.6%	1970	2069

PRP2025/2678

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación na modalidade de concesión do cinceiro abaixo referenciado.

Unha vez transcorrido o prazo de 75 anos, dacordo co establecido no artigo número 6.1 da Ordenanza Fiscal número 5 reguladora da taxa do Cemiterio Municipal, deberá procederse, no seu caso, a renovación da concesión.

Cemiterio Xeral de Vilagarcia				
Número cinceiro	Modalidade Adxudicación	Titular	Importe	Data inicio Concesión
119	Concesiónr	D ^a . Alejandra Elizabeth Garcia Da Silva	112.55€	17/06/2025

PRP2025/2670

Vista a solicitude formulada por don Daniel Ramil Díaz, titular da licenza de taxi número 15, de suspensión temporal da vixencia do título habilitante da citada licenza, da que é titular, ata o 1 de febreiro de 2026, con fundamento no parte de confirmación de incapacidade temporal,expedida pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e de acordo coa normativa deaplicación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Suspende temporalmente, ata o 1 de febreiro de 2026, a vixencia do título habilitante da licenza de taxi número 15 do concello de Vilagarcía de Arousa, da que é titular don Daniel Ramil Díaz, con fundamento no parte médico de confirmación de incapacidade temporal, por enfermidade común de longa duración, emitido pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
Segundo.- Unha vez vencido o prazo de suspensión, deberá reiniciarse de maneira efectiva a actividade no prazo de un mes ou solicitar á ampliación de período de suspensión achegando os preceptivos informes e partes médicos, comunicando ao concello esta circunstancia. Asemade deberá presentar, con carácter previo ao reinicio da actividade, ITV en vigor do vehículo e taxímetro

e seguro en vigor con copia do pago da prima correspondente. En caso contrario incurrirase en causa determinante de caducidade do título habilitante. Terceiro.- No suposto de que se efectuase unha nova avaliación do paciente, antes da finalización do prazo de suspensión concedido, que conclúise coa súa alta e, polo tanto, con capacidade médica para poder desenvolver a profesión de taxista, deberá reiniciar a actividade no prazo dun mes a partir da notificación efectiva da citada alta por parte do organismo competente da Seguridade Social.

PRP2025/2629

Dáse conta da Resolución da Dirección Xeral de Mobilidade sobre o establecemento dun réxime específico de prestación de servizos de taxi, que posibilite que vehículos adscritos e autorizacións VT nos Concellos de Cambados, Caldas de Reis e Vilanova de Arousa, realicen servizos con orixe en Vilagarcía de Arousa, por mor do evento Atlantic Fest 2025, que terá lugar os días 18, 19 e 20 de xullo de 2025 no Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2025/2673

Dáse conta da proposta da Concellería de Xuventude en relación coa organización da actividade "PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DE VERÁN NAS PARROQUIAS E CENTRO VILAGARCÍA: FANTASIO NA RÚA VILAGARCÍA DE CINE" consistente nunha serie de proxeccións destinadas a público familiar co obxectivo de contribuír á difusión de diversas obras cinematográficas destinadas a todos os públicos á vez que se implementa a oferta cultural e de ocio de Vilagarcía e das súas parroquias durante as vacacións estivais.

O obxectivo principal desta iniciativa é o de achegar aos máis novos/as, das parroquias de Vilagarcía, as artes escénicas, ao mesmo tempo que se quere incidir no fortalecemento da relación cos seus familiares máis maiores e que sirva tamén de espazo de intercambio de experiencias e de convivencia interxeneracional compartindo o tempo de lecer a través dunha ampla variada serie de iniciativas recreativas e culturais a desenvolver especialmente na época do verán.

O Cinema de Verán 2025: Vilagarcía de Cine, conta cun catálogo de distintas obras cinematográficas que se exhibirán nas seguintes parroquias/lugares entre xullo e agosto de 2025, serán concretamente 14 xornadas de cine (dúas sen coste) e a partir das 22.30 h, proxeccións en xullo, e das 20:30h, proxeccións en agosto, e nas seguintes Parroquias e lugares de Vilagarcía:

- 1.- Castro Alobre-(domingo 13 de xullo): Antes de nós
- 2.- Ravella-(martes 15 de xullo): Amigos imaginarios
- 3.- Os Duráns-(martes 16 xullo): Wallace y gronie
- 4.- Vilaxoán (Pque. Dona Concha)-(xoves 24 xullo): Spy Kids
- 5.- As Pistas (Rúa Camilo J. Cela)-(venres 25 xullo): El Hotel de los líos
- 6.- Trabanca Badiña-(sábado 26 de xullo): Amor de madre
- 7.- Bamio (Praia)-(domingo 27 de xullo): Dragonkeeper
- 8.- Rubiáns-(martes 29 xullo): Kung Fu Panda 4
- 9.- Carril (Praia-A Esmorga)-(martes 30 xullo): Padre no hay más que uno 4
- 10.- O Sixto-(venres 1 de agosto): Chicken nuggets
- 11.- A Coca (Parque)-(luns 4 de agosto): The marvels

- 12.- Sobradelo- (martes 5 de agosto): Os Demos de barro
 13.- Cornazo- (domingo 10 de agosto): Cazafantasmas: el imperio helado
 14.- Castroagudín- (martes 12 de agosto): Odio el verano

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a Mr. Misto Pro and Ser S.L. a realización da citada actividade, por un importe total de 17.873,73€ (ive engadido), con cargo á partida 2314.22610.

A empresa adxudicataria, asumirá as obrigas especificadas na proposta presentada e principalmente:

1- Controlar o acceso e o aforo, a través do persoal correspondente de control de acceso e de vixianza. (en virtude dos art. 14 e 15 da Lei 10/2017 de Espectáculos públicos e Actividades Recreativas de Galicia)

2- Facerse cargo dos gastos relativos aos dereitos de autor e SGAE.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

SPAD

PRP2025/2677

Vista a proposta da Directora do Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Consellería de Sanidade para o cofinanciamento de proxectos de prevencion de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades ou agrupacións de Concellos, polos gastos efectuados entre o 01/07/2024 e o 30/06/2025, que ascenden á contía de 57.806,80 €.

CULTURA

PRP2025/2666

En Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o pasado 26 de maio de 2025, na que se acorda aprobar o recoñecemento de obriga a favor dos participantes no Certame dos maios 2025, segundo a táboa detallada na que indicaba os datos correspondentes para proceder a realizar as transferencias.

SEGUNDO: Por error, se indicaba a táboa o seguinte dato:

SILVIA SOUTULLO VÁZQUEZ			ARTÍSTICO: O FARO DAS LÚAS	80,00€
SILVIA SOUTULLO VÁZQUEZ	76824560Y	ES93-0073-0100-5708-2226-7153		80,00€

Cando debería indicar::

SILVIA SOUTULLO VÁZQUEZ			ARTÍSTICO	O FARO DAS LÚAS	80,00 €
			CÓNICO	UN COLMENAR EN VILAGARCÍA	80,00 €
SILVIA SOUTULLO VÁZQUEZ	76824560Y	ES93-0073-0100-5708-2226-7153			160,00 €

TERCEIRO: Polo indicado no punto anterior, D^a Silvia Soutullo Vázquez debe percibir pola súa participación nos maios, neste caso maio artístico e maio cónico, este último non indicado na táboa aprobada na x.g.l. de data 26-05-2025, a cantidade de 160,00€ en vez da realizada de 80,00€

CUARTO: Así mesmo no acordó se solicita o reintegro do sobranter por importe de 870€ a partida correspondente, que unha vez correxida a errata deberá de ser de 790,00€

Polo exposto anteriormente:

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a modificación do acordo segundo o indicado no punto segundo desta proposto e se proceda a realizar a transferencia por importe de 80,00€ (maio cónico) a D. Silvia Soutullo Vázquez ao número de conta ES93-0073-0100-5708-2226-7153.

PRP2025/2667

Vista a solicitude de Dona Lidia Abalo Cespón e/n Asociación Cultural Virxe do Carmem Loenzo de Abaixo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello coas seguintes actuacións, con cargo á partida 338-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carme en Loenzo, o 10 de agosto de 2025:

- Actuación do Grupo de gaitas do Centro Cultural e Deportivo Sta. Plácida, por un importe de 391,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/2668

O departamento de obras, presenta propostas a X.G.L. para arranxar distintas deficiencias en varios centros culturais municipais, así como na Sala Rivas Briones, é que a continuación se detallan:

EXP. CIVIDAS	DATA ACORDO	CENTRO	CONCEPTO	IMPORTE
OBRAS/2025/00001	27-01-2025	C.C. RUBIÁNS	REFORMA POR DEFICIENCIAS (CUBERTA)	3.146,00€
OBRAS/2025/00005	17-02-2025	C.C. VILAXOÁN	REFORMA POR DEFICIENCIAS (TELLADO, CANLÓNS)	4.174,50€
OBRAS/2025/00009	24-02-2025	SALA RIVAS BRIONES	REPARACIÓN A ENRADA DE AUGA DA FACHADA E LIMPEZA A REPARACIÓN CANLÓNS	4.295,50€
OBRAS/2025/00016	17-03-2025	C.C. CARRIL	REPARACIÓN DO TELLADO	4.452,80€

SEGUNDO: Estes servizos foron realizados todos pola empresa REFORMAS TREBOL S.L. con C.I.F. B94128675

TERCEIRO: Todos os gastos anteriormente indicados, e segundo consta nos acordos, se fiscalizan con cargo á partida 334.212 (capítulo 2)

CUARTO: Segundo as propostas presentadas polo departamento de obras para as reformas e reparacións anteriormente indicadas considerase que alargan a vida útil do ben, polo tanto debería terse cargado a capítulo 6 (inversións) 334.63200

Polo exposto

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda modificar os acordos indicando que será con cargo a partida 334.63200 en vez de 334.212, e polo tanto reintegrar a cantidade total 16.068,80€ a partida 334.212.

CONTRATACIÓN

PRP2025/2634

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Servizos e Obras Públicas para aprobar o proxecto técnico denominado Plan Asfaltado de Viais Municipais 2025:

O Concello de Vilagarcía de Arousa plantéxase a necesidade de levar a cabo un Plan de asfaltado de viais municipais co obxectivo de actuar sobre varias rúas nas que foron detectadas recentemente, polos servizos municipais, deficiencias como gretas ou fochas; as cales dificultan a circulación dos vehículos e a seguridade de toda a cidadanía.

Polo tanto, para levar a cabo as obras para a requirida mellora da capa de rodadura de varios viais municipais que presentan importantes carencias no seu estado de conservación, foi redactado proxecto polo enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González.

De conformidade co documento técnico de referencia, a intervención proxectada levaranse a cabo nas parroquias de O Carril, Trabanca Sardiñeira, Fontecarmoa, Sobrán, Rubiáns e Casco Urbano. En concreto, os viais sobre os que se van acometer as actuación son:

O CARRIL

- San Andrés

TRABANCA SARDIÑEIRA

- Fondo da Vila

Fontecarmoa

- Marxiada
- Adolfo Pedrido Morla
- Ramón Martínez

SOBRÁN

- Feal
- Fonte de Faxilde

RUBIÁNS

- Acceso Hospital

CASCO URBANO

- Rotonda Valle Inclán

O documento técnico inclúe, ademais da mellora da capa de rodadura dos viais municipais anteriormente referenciados, a renovación das redes de servizos municipais de auga e saneamento que se atopen en mal estado, a execución de lombos redutores de velocidade, con sinalización horizontal e vertical e marcas viarias necesarias. En definitiva, o que se busca é solucionar os problemas que presenta o asfaltado de varias rúas polo normal desgaste do uso diario e pola execución de gabias para extensión de servizos.

De conformidade co proxecto técnico, **as actuacións que se pretenden realizar consisten** en liñas xerais na extensión dunha nova capa de rodadura de 5 cm de aglomerado asfáltico AC 16

Surf 50/70 D, e unha regularización do firme nos tramos necesarios. Está previsto tamén o fresado do pavimento nos tramos onde se debe manter ou corrixir a rasante do vial.

Tamén se executarán ensanches da plataforma nas zonas onde sexa necesario, con 20 cm de saburra e sobre ela se estenderá a capa de rodadura de aglomerado asfáltico.

Ademais, na rúa Marxiada renovarase e ampliarase a rede de saneamento (pluviais) con colector de PVC Ø400 mm cos seus correspondentes pozos de rexistro e parrillas para recollida de augas en formigón.

Na rúa Feal ampliarase a rede de saneamento (Fecais) cun colector de PVC Ø 300 mm.

Tamén está prevista a instalación de lombos redutores de velocidade nos viais nos que se considerou necesario e marcas viais nas marxes do vial.

En relación coas afeccións sectoriais establecidas no proxecto técnico, foron solicitados informes ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, á Axencia Galega de Infraestruturas e á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa. Esta Autoridade Portuaria comunicou, mediante escrito de data 13 de maio de 2025, que *“Dado que las obras contenidas en el citado proyecto se encuentran fuera del ámbito del dominio público portuario, así como fuera de la zona de afección de la línea del ferrocarril, no es necesario la emisión, por parte de esta Autoridad Portuaria, de una autorización para el desarrollo de las obras”*.

En canto ao resto de informes sectoriais:

- Consta no expediente Resolución do Servizo Provincial de Pontevedra da Axencia Galega de Infraestruturas (Consellería de vivenda e Planificación de Infraestruturas), de data 13 de xuño de 2025, aos efectos de autorizar, no que respecta á competencia sectorial en materia de estradas, a execución das obras contempladas no proxecto “Plan de asfaltado de viais municipais 2025”.

- Por Resolución da Demarcación de Estradas do Estado en Pontevedra, de data 25 de xuño de 2025, autorizáronse as obras de referencia.

O orzamento deste proxecto ascende á cantidade de 330.702,30€ (IVE engadido).

O prazo de execución é de 3 meses.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o proxecto técnico denominado “**Plan de asfaltado de viais municipais 2025**”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, D. Óscar Álvarez González, cuxo importe de licitación (IVE engadido) ascende a de 330.702,30€.

PRP2025/2635

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 5 de maio de 2025, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas e os seus anexos, autorizouse o gasto e dispúxose a apertura do procedemento de adxudicación do contrato de obras de Mellora e ampliación de saneamento na rúa Vilar Ponte.

Durante o prazo de presentación de ofertas concorreron os seguintes licitadores: CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L., CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L., CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U., CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), CONSTRUCCIONES VALE, S.L., EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., MONCOSA OHS, S.A., MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., NAROM SL, NEMESIO ORDOÑEZ, S.A., NOVAVIAL S.L y SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL.

Os licitadores do contrato de obra de referencia presentaron as ofertas que a seguir se indican:

LICITADOR	Oferta económica sin IVA	MEJORA: aumento del plazo de garantía fijado en los pliegos	MEJORA de documentación técnica a presentar una vez finalizada la ejecución de los trabajos
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	106.800,00 €	SÍ (3 años)	SÍ
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	110.060,41 €	SÍ (3 años)	SÍ
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	105.785,33 €	SÍ (3 años)	SÍ
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	98.792,8 6€	SÍ (3 años)	SÍ
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	107.433,97 €	SÍ (3 años)	SÍ
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	109.093,97 €	SÍ (3 años)	SÍ
MONCOSA OHS, S.A.	108.241,21€	SÍ (3 años)	SÍ
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	106.410,68€	SÍ (3 años)	SÍ
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	105.023,55 €	SÍ (3 años)	SÍ
NAROM SL	112.607,26 €	SÍ (3 años)	SÍ
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	108.309,45 €	SÍ (3 años)	SÍ
NOVAVAL S.L	112.664,11 €	SÍ (3 años)	SÍ
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL	102.754,78 €	SÍ (3 años)	SÍ

Prevía emisión dos informes técnicos oportunos e aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, resulta a seguinte valoración:

LICITADOR	Oferta IVA excluido	Puntos oferta económica	Puntos mejora: Aumento del plazo de garantía	Puntos mejora de la documentación técnica	Total puntos
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	98.792,86 €	30,00	30,00	40,00	100,00 (Propuesto para exclusión)
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL	102.754,78 €	22,03	30,00	40,00	92,03 (Propuesto para exclusión)
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	105.023,55 €	17,46	30,00	40,00	87,46 (Propuesto para exclusión)
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	105.785,33 €	15,93	30,00	40,00	85,93 (Propuesto para exclusión)
MONTAJES JM IGLESIAS S.L.	106.410,68 €	14,67	30,00	40,00	84,67 (Propuesta de adjudicación)
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	106.800,00 €	13,88	30,00	40,00	83,88
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	107.433,97 €	12,61	30,00	40,00	82,61
MONCOSA OHS, S.A.	108.241,21 €	10,98	30,00	40,00	80,98
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.		10,85	30,00	40,00	80,85

	108.309,45 €				
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L	109.093,97 €	9,27	30,00	40,00	79,27
CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.	110.060,41 €	7,32	30,00	40,00	77,32
NAROM SL	112.607,26 €	2,20	30,00	40,00	72,20
NOVAIAL S.L	112.664,11 €	2,08	30,00	40,00	72,08

A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación, formulándose polo citado órgano de asistencia, na súa sesión, do 17 de xuño de 2025, no seguinte senso:

“Una vez propuesta la exclusión de los licitadores SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. y MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA SL, y de conformidad con la evaluación de las propuestas aportadas por los licitadores, la Mesa de contratación concluye la siguiente lista ordenada de manera decreciente de puntuación de acuerdo a las puntuaciones obtenidas por los licitadores en las diferentes fases:

Orden: 1NIF: A36008886 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA). Propuesto para la exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100

Total puntuación: 100

Orden: 2NIF: B27815182 SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO,SL Propuesto para la exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 92.03

Total puntuación: 92.03

Orden: 3NIF: B36533537 MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. Propuesto para la exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 87.46

Total puntuación: 87.46

Orden: 4NIF: B36258861 CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U. Propuesto para la exclusión

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 85.93

Total puntuación: 85.93

Orden: 5NIF: B36130649 MONTAJES J.M. IGLESIAS,S.L. Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 84.67

Total puntuación: 84.67

Orden: 6NIF: B36133916 CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 83.88

Total puntuación: 83.88

Orden: 7NIF: B36024933 CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 82.61

Total puntuación: 82.61

Orden: 8NIF: A15050958 MONCOSA OHS, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 80.98

Total puntuación: 80.98

Orden: 9NIF: A15146608 NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 80.85

Total puntuación: 80.85

Orden: 10NIF: B36239861 EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 79.27

Total puntuación: 79.27

Orden: 11NIF: B36147429 CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 77.32

Total puntuación: 77.32

Orden: 12NIF: B36163418 NAROM SL

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 72.2

Total puntuación: 72.2

Orden: 13NIF: B70538459 NOVAVIAL S.L

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 72.08

Total puntuación: 72.08

A la vista de lo que antecede, a Xunta de Gobierno Local acorda:

1.-A exclusión da licitación das empresas SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. y MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA SL, de acordo co informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal sobre as baixas anormais ou desproporcionadas,ao non xustificar suficientemente a baixa desproporcionada na que incurrían nas súas ofertas.

2.- A adxudicación do contrato de obra denominado “Mellora e ampliación de saneamento na rúa Vilar Ponte”, con un orzamento de licitación de 113.698,77€ (sin IVA); 137.575,51 € (con IVA) á empresa con CIF: B36130649 Montajes J.M. Iglesias, S.L. de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación presupuestaria 160-61900.

A oferta do licitador e a seguinte:

- Precio ofertado: 106.410,68 (sin IVA), al que corresponde un IVA (21%) de 22.346,24€, lo que totaliza un importe de 128.756,92€ (IVA incluído).

- Melloras:

Mellora: aumento do prazo de garantía.

Mellora: documentación técnica a presentar tras a execución dos traballos.

Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o 13 de maio de 2024, aprobouse o proxecto técnico denominado “Mellora e ampliación de saneamento na rúa Vilar Ponte”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, D. Óscar Álvarez González, cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 137.575,51€.

Por Providencia de incoación do 23 de xaneiro de 2025, iniciouse o expediente de contratación da obra de referencia mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Realizada proposta á Xunta de Goberno Local para adxudicar o contrato de obra para Mellora e ampliación de saneamento na rúa Vilar Ponte á mercantil Montajes J.M. Iglesias, S.L. (B36130649), por importe de 106.410,68 (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 22.346,24€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 128.756,92€.

En virtude do establecido na Lei de Ordenación da Edificación, para a execución das obras e traballos que se describen no proxecto, é necesario levar a cabo a contratación dun Director de Obra, que será o axente que, formando parte da dirección facultativa, dirixirá o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e medioambientais, de conformidade co proxecto que a define, a licenza de edificación e demais autorizacións preceptivas e as condicións do contrato, co obxecto de asegurar a súa adecuación ao fin proposto.

Visto o que antecede,

A Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Nomear ao enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde do investimento denominado CT 43/2024-e “Mellora e ampliación de saneamento na rúa Vilar Ponte”.

PRP2025/2662

Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o 20 de xaneiro de 2025, aprobouse o proxecto técnico denominado “Reforma da pista de atletismo de Fontecarmoa”, redactado por NAOS 04 Arquitectos, S.L.P., cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 164.255,86€.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 31 de xaneiro de 2025, concedeuse subvención para o amentado investimento por importe de 164.255,86€, ao abeiro do II Plan Extraordinario de infraestruturas deportivas.

Por Providencia de incoación do 25 de febreiro de 2025, iniciouse o expediente de contratación da obra de referencia mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e a través da Plataforma de Contratación do Sector Público. De conformidade con proxecto técnico e co indicado nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), o contrato divídese en dous lotes, co detalle seguinte:

LOTE 1: Reparación de pista

Valor estimado: 89.916,51€

Orzamento de Execución por Contrata (IVE engadido): 108.798,98€

LOTE 2: Iluminación

Valor estimado: 45.832,13€

Orzamento de Execución por Contrata (IVE engadido): 55.456,88€

Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o 16 de xuño de 2025, adxudicouse o contrato de obra denominado “Reforma da pista de atletismo de Fontecarmoa- lote 1: Reparacións de pista”, á mercantil OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. (A28410850), por importe de 81.356,46€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 17.084,86 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 98.441,32 €.

